



**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "REPARACIÓN, MELLORAS E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ALVAREZ DURAN (PECHES E OBRAS COMPLEMENTARIAS)", APERTURA SOBRE Nº 2. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás trece horas e trinta minutos do día 26 de outubro de 2016, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Miguel Angel Capón Rey, por delegación da Alcaldía para este acto de conformidade coa resolución emitida de data 25/10/2016.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.  
Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.  
José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.  
Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

Secretaría:

Mª Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

**1.-ANTECEDENTES DO CONTRATO:**

1.- A Mesa de Contratación celebrada en acto anterior na mesma data, acordou admitir a tódalas empresas presentadas á licitación, que son:

R.E. nº 9060/2016 (fax) 9111/2016 - Sestrama-09, S.L., de Gondomar.  
R.E. nº 9165/2016 - Construcciones Lemos Martínez, S.L., de O Porriño.  
R.E. nº 9173/2016 - Construcciones Fечи, S.L.U., de O Porriño.  
R.E. nº 9177/2016 - Construcciones, Obras e Viais, S.A. (COVSA), de Pontevedra.  
R.E. nº 9188/2016 - Terrauga Proyectos e Obras, S.L., de A Coruña.  
R.E. nº 9193/2016 - Excavaciones y Construcciones Pérez, S.L., de O Rosal.  
R.E. nº 9195/2016 - Mecano Sport, S.L., de Vigo.  
R.E. nº 9200/2016 - Narom, S.L., de O Porriño.  
R.E. nº 9214/2016 - Construccines Castro Fugueiro, S.L.U., de Redondela  
R.E. nº 9221/2016 - Excavaciones y Obras Melchor, S.L. (EXCOMEL), de Betanzos.  
R.E. nº 9236/2016 - Cal Baixo Miño, Construcciones y Servicios, S.L., de Tomiño.  
R.E. nº 9252/2016 - Sergonsa Servicios, S.L., de A Coruña.  
R.E. nº 9257/2016 - Zona de Obras O Rosal, S.L., de O Rosal.  
R.E. nº 9259/2016 - Ecogalaico Innovación, S.L., de O Rosal.  
R.E. nº 9266/2016 - Rocas Graníticas del Condado, S.L., de Salceda de Caselas.  
R.E. nº 9267/2016 - Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI), de Pontevedra.  
R.E. nº 9274/2016 - Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L., de Pontecaldelas.

2.- Orzamento de licitación do contrato :

Orzamento base: 59.448,92€  
IVE 21%: 12.484,27€.  
Orzamento total: 71.933,19€.

3.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado, se indican os seguintes criterios de adjudicación do contrato, cláusula 16:

**Proposición económica.** Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos.

**Valoración de melloras:**

a. REDUCCIÓN DE PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA.- O proxecto contempla un prazo de execución de cinco semanas, que resultaría a ocupación dunha cuadrilla de catro operarios de media por semana durante todo o

período de execución da obra. Proponse a valoración cun punto e medio (1,5) por cada día que se reduza dito prazo, cun máximo de vinte e un (21) puntos por este aspecto, é dicir, catorce (14) días de prazo de redución. O contratista estará na obriga de presentar coa oferta un programa de traballo diario que xustifique o prazo ofertado e reflicta con total claridade as obras a executar diariamente.

b. **INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA.** O proxecto contempla un prazo de garantía de un (1) ano. Se valorará con seis (6) puntos por cada ano que se aumente dito prazo, cun máximo de vinte e catro (24) puntos por este aspecto, é dicir, catro (4) anos a maiores, facendo un total de cinco (5) anos de prazo de garantía.

## 2.- APERTURA.-

Pola Mesa se procede á apertura do sobre nº 2, criterios cuantificables de forma automática, correspondente ás propostas económicas e melloras presentadas polos licitadores, e que se citan a continuación:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	INCREMENTO PRAZO GARANTÍA
Sestrama-09, S.L.	49.610,00 €	Redución de un mes e medio, comprometéndose a executar as obras no prazo total de un mes e medio.	4 anos. Total 5 anos.
Construcciones Lemos Martínez, S.L.	59.704,55 €	Redución de un mes e medio.	4 anos a maiores.
Construcciones Fechi, S.L.U.	60.136,14 €	Redución de un mes e medio. Prazo de execución total obra un mes e medio	4 anos a maiores. Total 5 anos.
Construcciones, Obras e Viais, S.A. (COVSA)	45.749,51 €	Redución 45 días. Total de 45 días.	48 meses de ampliación. Total 60 meses.
Terrauga Proyectos e Obras, S.L.	69.652,91 €	Redución 45 días. Total execución 45 días.	4 anos.
Excavaciones y Construcciones Pérez, S.L.	66.365,56 €	Redución un mes e medio (45 días). Execución de un mes e medio (45 días)	4 anos a maiores. Total 5 anos.
Mecano Sport, S.L.	63.013,47 €	un mes e medio	4 anos (facendo un prazo total de garantía de 5 anos).
Narom, S.L.	63.013,47 €	A sociedade comprométese a executar as obras no prazo de 21 días, que supón unha redución de 14 días.	Compromiso de prazo de garantía polo total de 5 anos.
Construccines Castro Figueiro, S.L.U.	50.971,18 €	Prazo de execución de obra total de un mes e medio. Redución de un mes e medio.	Incremento 4 anos. Total 5 anos.
Excavaciones y Obras Melchor, S.L. (EXCOMEL)	49.259,85 €	2 meses de execución de obra (60 días naturais). Redución de prazo de 1 mes (30 días naturais).	Incremento 4 anos. Total 5 anos.
Cal Baixo Miño, Construcciones y Servicios, S.L.	64.020,54 €	28 días hábiles de traballo.	Incremento 4 anos. Total



			5 anos.
Sergonsa Servicios, S.L.	54.397,97 €	Prazo de un mes e medio. Reducción de un mes e medio.	Aumento 4 anos. Total 5 anos.
Zona de Obras O Rosal, S.L.	48.914,57 €	Reducción de un mes e medio.	4 anos a maiores. Total 5 anos.
Ecogalaico Innovación, S.L.	53.949,89 €	Reducción un mes e medio.	4 anos a maiores. Total 5 anos.
Rocas Graníticas del Condado, S.L.	48.400,00 €	Reducción un mes e medio. Execución en un mes e medio.	4 anos a maiores. Total 5 anos.
Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI)	55.532,30 €	Reducción un mes e medio.	4 anos.
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	54.589,15 €	Reducción un mes e medio. Execución un mes e medio.	48 meses de ampliación. Total 60 meses.
<b>PROMEDIO</b>	<b>56.310,65 €</b>		
<b>LÍMITE BAIXA TEMERARIA</b>	<b>50.679,59 €</b>		

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 17º, establece (...) "*Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:*

- Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.*
- Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adjudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.*

1.- Á vista do anterior e co obxecto de determinar se as oferta presentadas polas empresas que incorren en baixa temeraria poden ser desproporcionadas ou anormais, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto no art. 152.3 do TRLCSP, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

*Primeiro.- Solicitar ás empresas que se citan a continuación e, ao abeiro do que cita o art. 152.3 do TRLCSP, "xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado."*

- 1.- Sestrama-09, S.L.
- 2.- Construcciones, Obras e Viais, S.A. (COVSA).
- 3.- Excavaciones y Obras Melchor, S.L. (EXCOMEL)
- 4.- Zona de Obras O Rosal, S.L.
- 5.- Rocas Graníticas del Condado, S.L.

*Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia de dous días hábiles aos licitadores, por tratarse dun procedemento urgente, aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.*

*Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.*

2.- Vista pola Mesa de Contratación a proposta de mellora de redución de prazo de execución de obra presentada pola empresa NAROM, S.L., e dado que existe un erro na mesma, que indica textualmente " A sociedade comprométese a executar as obras no prazo de 21 días, que supón unha redución de 14 días", a Mesa de Contratación, por unanimidade **ACORDA:**

Non valorar á empresa NAROM, S.L., a mellora relativa a redución do prazo de execución.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE EN FUNCIONS

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Miguel Ángel Capón Rey

Asdo. María Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón

Asdo: Pilar Fenández Alonso

ARQUITECTOTÉCNICO MUNICIPAL

A CONCELLEIRA DE FACENDA

Asdo: José Manuel Ferreiroa González

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez